



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DOS CURSOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA ANUAL 2024 DE FORMACIÓN CONTINUÁ.

EXPEDIENTE: 165/2024

Antecedentes.

1.- A Xerencia, en cumprimento do artigo 116.4 en concordancia co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e o artigo 16.2.f) dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula memoria xustificativa da necesidade da contratación do servizo para a impartición dos cursos de formación que abrangue o programa de formación anual.

2.- Incorpóranse ao expediente sendos informes emitidos pola secretaria-interventora sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e en relación á lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

3.- A Presidencia, mediante Resolución de data 11-09-2024, nº 2024-0130, RESOLVE:

"1º.- Validar a celebración deste contrato, que ten por finalidade a contratación servizo para a impartición dos cursos de formación, que abrangue o programa de formación anual 2024, previsto no artigo 58 do Convenio colectivo de aplicación.

2º.- Iniciar o expediente para a contratación do servizo para a impartición dos cursos de formación que abrangue o programa de formación anual 2024, en base á memoria xustificativa e proposta elaborada pola Xerencia, mediante procedemento aberto simplificado abreviado regulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao concorrer os requisitos esixidos no mesmo e ser a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Consorcio.

3º.- Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares, que conxuntamente co Prego de Prescricións Técnicas, han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

4º.- Que por Secretaría-Intervención se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización do gasto.

5º.- De ser favorable a fiscalización, que se emita informe-proposta de Secretaría-Intervención respecto diso.

6º.- Dar conta de todo o actuado á Presidencia para resolver o que proceda."

4.- Incorpórase ao expediente o Prego de Cláusulas Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, que rexerán esta contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado e varios criterios de adxudicación, informe de fiscalización previa e de retención de crédito.

5. A vista do actuado e do informe-proposta da secretaria-interventora, a Presidencia, mediante Resolución de data 12/09/2024, nº 2024-00134, RESOLVE:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación da servizo para a impartición dos cursos do





programa anual 2024, de formación continua:

	DENOMINACIÓN	N.º EDICIONES	HORAS DURACIÓN EDICIÓN	MODALIDA DE	MÁXIMO ASISTENTES
1	Uso e manexo de máquinas e ferramentas	4	21	EXTERNA	20

definidos nos Pregos de Prescricións Técnicas e no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, mediante procedemento aberto simplificado abreviado e varios criterios de adjudicación, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao concorrer as condicións requiridas no devandito artigo e acadar maior axilidade na resolución deste procedemento; sendo a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Consorcio; convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar o gasto que supón esta contratación con cargo á aplicación presupostaria de gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2024

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	1360.22799	32.200,00 €

na que existe crédito suficiente.

3º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán nesta contratación.

4º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público

5º.- Publicar no perfil de contratante a memoria xustificativa do contrato, resolución de aprobación do expediente, Pregos de Cláusulas Económico-Administrativo e de Prescricións Técnicas; tendo en conta que a documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación."

6. Con data 13-09-2024, publícase e na Plataforma de Contratación del Sector Público convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, do servizo de impartición dos cursos de formación do programa anual 2024, de formación continua; cun prazo de presentación de ofertas de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no perfil de contratación aloxado na Plataforma de Contratación del Sector Público; rematando o día 30 de setembro, ás 10:00 horas.

7. O día 30 de setembro, ás 11:00 horas, reúnese a Unidade Técnica, convocada mediante Resolución da Presidencia de data 24-09-2024, nº 2024-0141, para a apertura e valoración das proposicións das empresas presentadas, que resulta ser:

Nome do licitador	NIF
Seguridad Gallega Nosa Terra S.A.	A36715217

Que formula a seguinte oferta:

1. PROPOSICIÓN ECONÓMICA

2





SEN IVE.	IVE	TOTAL
31.878,00	0.00	31.878,00

0 que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de 322€ e con IVE de 322€.

2. MELLORAS TÉCNICAS

SI Dispor dun sistema en vigor de xestión da calidade de acordo aos requisitos

establecidos pola norma UNE-EN ISO 9001 **(INDICAR SI/NON)**

SI Dispor dun sistema en vigor de xestión medioambiental, de acordo aos requisitos

establecidos pola norma UNE-EN ISO 14001 **(INDICAR SI/NON)**

Trala apertura dos sobres e na mesma sesión, a Unidade técnica procede a:

a) Comprobar a documentación presentada pola empresa participante e a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopa inscrita e achega a documentación requirida na cláusula 7.5 do Prego de Cláusulas económico-administrativas particulares que rexen nesta contratación.

b) Comprobar a habilitación profesional requirida, estimando que, a vista da documentación aportada, cumpre.

c) Avaliar e clasificar a oferta, acadando o seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001	PUNTUACIÓN TOTAL
Seguridad Gallega Nosa Terra S.A.	90	10	10	100

d) Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público se a empresa presentada está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta e non se atopa incurso en ningunha prohibición para contratar, constandingo que non existe prohibición vixente para contratar e que resulta acreditado no devandito rexistro o apoderamento do asinante da oferta.

A vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 159.4.4º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a cláusula 13 do Prego de Cláusulas económico-administrativas particulares que rexén nesta adxudicación, a Unidade Técnica acorda:

1. Formular proposta de adxudicación a favor da empresa Seguridad Gallega Nosa Terra S.A.

2. Requirir á empresa Seguridad Gallega Nosa Terra S.A. para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presenten a seguinte documentación:





1. Certificacións de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
2. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP.
3. Póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes ao corrente de pago.
8. A empresa Seguridad Gallega Nosa Terra S.A., presentan na sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación de Servizos contra Incendios e Salvamento a documentación requirida.

Fundamentos legais

PRIMEIRO. De conformidade co artigo 14 do Estatutos do Consorcio Provincial e a Disposición adicional segunda, punto 1, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, correspóndenlle á Presidencia as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, o contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

SEGUNDO. O artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, regula a iniciación e contido do expediente de contratación, sinalando o artigo 117 do devandito texto legal que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

TERCEIRO. Seguido o procedemento regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, previa fiscalización do compromiso do gasto, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto, nun prazo non superior a cinco días. Unha vez adxudicado, notifica-la adxudicación á empresa adxudicataria e requiri-la para que formalice o correspondente contrato dentro do prazo máximo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da súa adxudicación. A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a sinatura da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.





CUARTO. De acordo co establecido no punto 3 do artigo 150, non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Á vista do que antecede, da documentación que integra o expediente e do informe-proposta da secretaria-interventora, e de conformidade co establecido no artigo 14.11 do Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta Presidencia RESOLVE:

1º.- Adxudicar o expediente de contratación servizo para a impartición dos cursos do programa anual 2024, de formación continua:

	DENOMINACIÓN	N.º EDICIÓN S	HORAS DURACIÓN EDICIÓN	MODALIDA DE	MÁXIMO ASISTENTES
1	<i>Uso e manexo de máquinas e ferramentas</i>	4	21	EXTERNA	20

definidos nos Pregos de Prescricións Técnicas e no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, a empresa Seguridad Gallega Nosa Terra S.A. (CIF A36715217), polo prezo total de 31.878,00 €.

2º.- O contrato executarase conforme ao Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen nesta contratación e a oferta formulada.

3º.- Requirit ao adxudicatario para que no prazo máximo de 3 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa adxudicación proceda á formalización do contrato, mediante sinatura de aceptación por parte da ou do contratista da resolución de adxudicación.

4º.- Dispoñer o gasto que supón esta contratación con cargo á aplicación presupostaria de gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2024

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	1360.22799	31.878,00 € €

na que existe crédito suficiente.

5º.- Publicar a adxudicación no perfil do contratante, que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 15 días.





Manda o Sr. presidente D. Luis López Diéguez e asina coa secretaria-interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

